

## **ORDENANZA FISCAL Nº 12**

### **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTO-TAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.**

#### **ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E REXIME.**

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e dacordo co previsto no artigo 58 da Lei 39/88 de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, establece a taxa por licencias de auto-taxis e demais vehículos de aluguer que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 da Lei 39/88 citada.

#### **ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A concesión de licencias municipais para a prestación de servizos públicos das clases A (auto-taxis), B(Auto-turismo) e C (servizos especiais e de abono).
- b) A concesión de licencias para substitución de vehículos.
- c) A transmisión de licencias por actos mortis causa ou intervivos nos casos en que proceda.
- d) A revisión de vehículos lixeiros de aluguer.
- e) A expedición de permisos municipais de condutor de vehículos destinados ó servizo urbano de transportes lixeiros.

#### **ARTIGO 3º.- DEVENGO.**

A taxa devéngase, nacendo a obriga de contribuir:

1. Nos casos indicados nos apartados a), b) c) e) do artigo 2º anterior, no momento da solicitude, xa que a partires do mesmo enténdese que comeza a prestación do servizo municipal.
2. No suposto do apartado d) cando comenza realmente a revisión do vehículo.
3. A obriga de contribuir non se verá afectada pola denegación no seu caso da licencias agás dos supostos nos que non se realice a revisión dos vehículos no caso d) do artigo 2º.

#### **ARTIGO 4º.- SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, que soliciten as licencias, a substitución ou revisión de vehículos ou os dereitos obxecto do feito imponible.

#### **ARTIGO 5º.- RESPONSABLES.**

1. Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria no caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentiran no incumprimento por quen dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, estes administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesen nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concurso, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

#### **ARTIGO 6º.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.**

A base imponible estará constituída pola clase ou natureza da licenza, dereito ou servizo solicitada en base ó disposto no artigo 2º, o que determinará a aplicación dunha ou outra das cotas tributarias que se establezan no artigo seguinte.

#### **ARTIGO 7º.- COTA TRIBUTARIA.**

|  |           |
|--|-----------|
| 1. Licencias municipais (prestación dos servizos públicos A,B,C )...                       | 345,58 €. |
| 2. Licencias para a substitución de vehículos(das clases A,B,C, por cada licenza).....     | 34,56 €   |
| 3. Transmisións de licencias   |           |
| a) Por actos inter vivos .....   | 345,58 €  |
| b) Por transmisións mortis-causa.....  | 69,12 €   |
| 4. Revisión anual dos vehículos  |           |
| Por cada vehículo .....  | 6,91 €    |
| 5. Concesión do permiso municipal de conductor   |           |
| Por cada permiso concedido, previa realización das correspondentes probas de aptitude..... | 6,91 €    |

#### **ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTION.**

1. Xunto coa solicitude da licencia deberá ingresarse, co carácter de depósito previo, o custo da taxa en base os datos que aporte o solicitante e o establecido nesta Ordenanza, sen prexuízo da liquidación que corresponda e se practique no momento de adoptars a resolución administrativa referente a solicitude da licencia.

2. A liquidación practicada notificarase ó suxeito pasivo para o seu coñecemento ou impugnación no seu caso. No suposto de que o custo fose maior que o depósito previo constituido, deberá ingresarse a diferenza nos prazos indicados no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.

#### **ARTIGO 9º.- EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES.**

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 8/89 do 13 de Abril, non se reconece beneficio tributario algún, agás o Estado, Comunidade Autónoma e Provincia a que pertence este Concello, e os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais.

#### **DISPOSICION DERRADEIRA.**

Efectuada a publicación do texto íntegro da presente Ordenanza no Boletín Oficial Provincial entrará en vigor con efectos de 1 de Xaneiro de 1990 continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

#### **DILIXENCIA.-**

Aprobación: Pleno ord. 27/10/1989. Pleno ord. 19/11/2001. B.O.P. nº 298, do 31/12/2001. Vixente desde 01/01/2002.

